

Resolución pola que se aproba o expediente de información pública e definitivamente o proxecto de construción: "Mellora da PO-315. Treito: puntos quilométricos (PP.QQ.) 10+100 ao 10+380 e na entorna do P.Q. 13+500", de clave: PO/15/025.06,

ANTECEDENTES DE FEITO

Primeiro. As obras consistirán na realización de diversas actuacións encamiñadas á mellora da PO-315 no treito comprendido entre o P.Q. 10+100 e 10+380: mellora dos percorridos peonís (novas beirarrúas accesibles e continuas), reordenación das interseccións existentes, dos pasos de peóns e das paradas de autobús e renovación da rede de pluviais e da iluminación pública no treito afectado.

Proxéctanse tamén as actuacións necesarias para completar a continuidade das beirarrúas existentes na entorna do P.Q. 13+500.

Segundo. No *Diario Oficial de Galicia* núm. 19 do 28 de xaneiro de 2022, publicouse o anuncio do 19 de xaneiro de 2022 polo que se somete ao trámite de información pública o proxecto de construción: "Mellora da PO-315. Treito: PP.QQ. 10+100 ao 10+380 e na entorna do P.Q. 13+500", de clave: PO/15/025.06, así como a relación individual de bens, dereitos e propietarios afectados polo proxecto referido.

Terceiro. As administracións afectadas emitiron os correspondentes informes e no trámite de información pública non se formularon alegacións.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- A Conselleira de Infraestruturas e Mobilidade é competente para resolver os expedientes de información pública en materia de estradas e informes das administracións afectadas, de acordo co Decreto 26/2019, do 7 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade. Esta competencia atópase delegada na persoa titular da dirección da Axencia Galega de Infraestruturas, segundo o artigo 8.1.b) da Orde do 7 de setembro de 2017 sobre



delegación de competencias no secretario xeral técnico e noutros órganos e entidades públicas adscritos a esta consellería (*DOG* núm. 179, do 20 de setembro).

Segundo.- De acordo co establecido no artigo 21 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, o mencionado proxecto de construción someteuse ao trámite de información pública, durante un período de trinta (30) días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación deste anuncio no Diario Oficial de Galicia.

O artigo 22.2 da citada Lei 8/2013, do 28 de xuño, establece que no caso de estudos ou proxectos sometidos aos trámites de información pública e informe das administracións afectadas, unha vez emitido o informe sobre as alegacións presentadas, o órgano competente da administración promotora da actuación debe adoptar a correspondente resolución, que pode ser de aprobación definitiva de todo o ámbito do estudo ou proxecto ou ben só dunha parte deste.

No seu apartado 5, o mesmo artigo indica que a aprobación definitiva dos anteprojectos, proxectos de trazado ou proxectos de construción implicará a declaración de utilidade pública, a necesidade de ocupación dos bens e de adquisición dos dereitos necesarios para a execución das obras, dos depósitos dos materiais sobrantes, dos préstamos necesarios para executalas e para a reposición de servizos afectados así como para a traza de planta do proxecto e as modificacións desta que, de ser o caso, se puideren aprobar posteriormente, e a urxencia da ocupación, todo iso para os efectos de expropiación, ocupación temporal ou imposición ou modificación de servidumes.

No punto 6 do mesmo artigo 22 indícase que “logo de aprobados definitivamente os anteprojectos, proxectos de trazado ou proxectos de construción, as limitacións á propiedade e á titularidade doutros dereitos establecidos nesta lei serán efectivas respecto dos terreos que afecte a actuación correspondente”.

De acordo co que establece o artigo 23 da citada Lei 8/2013, do 28 de xuño os estudos e proxectos sometidos aos trámites de información pública en materia de estradas e informe das administracións afectadas, unha vez aprobados definitivamente, teñen a consideración de proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal, segundo o disposto na lexislación autonómica de ordenación do territorio, e as determinacións que neles se conteñen terán forza vinculante para as administracións públicas e para os particulares e prevalecerán sobre as determinacións do planeamento urbanístico vixente, sen prexuízo de



que as entidades locais nas que se asenten as infraestruturas obxecto do proxecto deberán adaptar o seu planeamento urbanístico ao contido no proxecto.

Polo exposto, o Concello de Cangas deberá adaptar o seu planeamento urbanístico na súa primeira modificación ou revisión ao contido no proxecto.

Terceiro.- Que simultaneamente ao trámite sinalado no parágrafo anterior e aos efectos previstos no artigo 56.1 do Regulamento de expropiación forzosa, someteuse a información pública a relación individual de bens, dereitos e propietarios afectados pola realización da obra correspondente.

De acordo con todo o exposto e tralos informes e certificados presentados,

RESOLVO

Primeiro.- Aprobar o expediente de información pública "Mellora da PO-315. Treito: PP.QQ. 10+100 ao 10+380 e na entorna do P.Q. 13+500", de clave: PO/15/025.06.

Segundo.- Aprobar o proxecto de construción "Mellora da PO-315. Treito: PP.QQ. 10+100 ao 10+380 e na entorna do P.Q. 13+500", de clave: PO/15/025.06., sen modificacións respecto do trazado sometido a información pública.

Terceiro.- Consonte establece o artigo 23 da Lei 8/2013, de 28 de xuño, de estradas de Galicia, o Concello de Cangas deberá adaptar o seu planeamento urbanístico ao contido no proxecto, na súa primeira modificación ou revisión.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, a contar dende o día seguinte ao da publicación desta resolución no Diario Oficial de



Galicia, de conformidade co establecido nos artigos 10, 14 e 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica.

A Conselleira de Infraestruturas e Mobilidade

Por delegación, Orde do 07/09/2017, Diario Oficial de Galicia 20/09/2017

O director da Axencia Galega de Infraestruturas

Francisco Menéndez Iglesias

